

Normas de estilo para as Actas do XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral

Comité Organizador CILX2018
Universidade de Vigo
cilx2018@uvigo.es

Nome Apelido Autor2
Universidade do Exemplo
usuario@exemplo.gal

Resumo

Neste documento preséntanse as normas básicas que deben seguir os autores e as autoras nas contribucións escritas para a edición das actas do Congreso Internacional de Lingüística Xeral, que terá lugar en Vigo do 13 ao 15 de xuño de 2018.

Dúas liñas debaixo do correo electrónico, aparecerá a palabra “Resumo” en fonte grosa tamaño 10. Na liña seguinte aparecerá o resumo (entre 150-200 palabras) en letra redonda, fonte 10, entreliñado sinxelo.

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit, sed diam nonummy nibh euismod tincidunt ut laoreet dolore magna aliquam erat volutpat. Ut wisi enim ad minim veniam, quis nostrud exerci tation ullamcorper suscipit lobortis nisl ut aliquip ex ea commodo consequat. Duis autem vel eum iriure dolor in hendrerit in vulputate velit esse molestie consequat, vel illum dolore eu feugiat nulla facilisis at vero eros et accumsan et iusto odio dignissim qui blandit praesent luptatum zzril delenit augue duis dolore te feugait nulla facilisi

Tras o resumo escríbense as palabras clave do artigo en fonte redonda tamaño 10, separadas por comas e precedidas polo propio termo “Palabras clave” en grosas tamaño 10, seguido de dous puntos.

Palabras clave: actas, congreso, normas de estilo

1. Introducción e normas xerais

Estas normas pretenden garantir a homoxeneidade e coherencia na presentación dos textos que se reciban para as actas do CILX2018 e aplícanse a todo tipo de contribucións que se presenten no congreso: comunicacións orais, pósters, ponencias en paneis temáticos, etc.

- Formato do documento para as actas: PDF
- Extensión: non menos de 5 e non máis de 8 páxinas (incluída bibliografía, notas ao pé, agradecementos e anexos)
- Tamaño de páxina: A4, con marxes de 2,5cm en cada lado
- As páxinas NON DEBEN NUMERARSE (engadírase a posterior unha numeración correlativa para o conxunto das actas)
- Resumo: 150-200 palabras.
- Parágrafos normais: fonte Times New Roman (12 puntos), entreliñado 1.
- O texto pode estar escrito en calquera lingua. Todas as linguas están aceptadas

Data límite para o envío do texto definitivo: **10 de maio de 2018**. Non se admitirá ningún artigo despois desta data.

Posto que o formato PDF non permite manipulacións, os autores e as autoras dos textos serán os únicos responsables da corrección ortográfica, gramatical e estilística do artigo. Por favor, comprobe coidadosamente que o arquivo PDF inclúe correctamente todo o formato necesario, especialmente gráficos e fontes non comúns. Ao crear un PDF habitualmente existe a posibilidade de incluír as fontes non comúns, todas, ou ningunha. Para asegurarse seleccione a opción de incrustar todas as fontes e, **antes de enviar o documento, compróbeo imprimindo unha copia desde unha computadora diferente da utilizada para crealo.**

2. Título, autoría e afiliación

Como se mostra neste documento de exemplo, o Título do traballo aparecerá na primeira liña, centrado, fonte grosa tamaño 14, sen cursivas, versais nin maiúsculas. Debaixo da liña de título aparecerán os Autores, aliñados á dereita, fonte tamaño 12. A afiliación (Universidade e/ou departamento) aparecerá inmediatamente debaixo de cada autor, aliñada á dereita, fonte tamaño 10, letra redonda, entreliñado 1, sen espazo entre os parágrafos. Na liña seguinte, sen espazo entre os parágrafos, o correo electrónico, aliñado á dereita, fonte tamaño 10, letra redonda, entreliñado 1.

3. Apartados e subapartados

Os títulos dos apartados e os subapartados deben numerarse, e os de primeiro nivel irán en grosas e redondas. Todos os títulos de apartados e subapartados deberán separarse 12 puntos do texto precedente.

3.1. Subapartados

Os títulos de segundo nivel –subapartados- enumeraranse con índices correlativos dentro do mesmo apartado (3.1, 3.2, 3.3, etc.) e irán en cursiva sen grosa.

3.1.1. Subsubapartados

De utilizarse un terceiro nivel (non recomendado), os títulos seguirán o mesmo sistema de numeración e figurarán en letra redonda sen grosa.

4. Referencias internas

4.1. Notas a pé

As notas a pé figurarán na páxina correspondente e non ao final do texto. As chamadas ás notas a pé colocaránse detrás do signo de puntuación pertinente. En fonte Times New Roman 10, xustificadas e con entreliñado sinxelo.¹

4.2. Citas no corpo de texto

Escribíranse entre paréntese o primeiro apelido do autor ou autora, seguido do ano do traballo, por exemplo: (Levinson 1983). Naqueles casos nos que se cite textualmente o traballo do autor ou autora, incluíranse a/s páxina/s da obra de onde proveña, por exemplo: (Schiffrin 1987: 25-26).

Se as citas ocupan menos de tres liñas figurarán dentro do texto entre comiñas en fonte Times New Roman 12 redonda, por exemplo: Tanskanen (2006: 7) a define do seguinte modo: “cohesion refers to the grammatical and lexical elements on the surface of a text which can form connections between parts of the text”.

Se ocupan máis de tres liñas figurarán nun parágrafo á parte, en fonte Times New Roman 10, cun espazo a dereita de 1,25 cm e entreliñado sinxelo. Por exemplo:

Clinical pragmatics is the study of the various ways in which an individual’s use of language to achieve communicative purposes can be disrupted. The cerebral injury, pathology or other anomaly that causes

¹ Exemplo de nota a pé: as notas a pé figurarán na páxina correspondente e non ao final do texto. As chamadas ás notas a pé colocaránse detrás do signo de puntuación pertinente. O texto da nota en fonte Times New Roman 10, xustificadas e con entreliñado sinxelo.

this disruption has its onset in the developmental period or during adolescence or adulthood. (Cummings 2009:6).

Referencias bibliográficas

A sección de referencias bibliográficas conterá toda a bibliografía citada no corpo do texto e só a citada no texto. O título da sección irá a 12 puntos, no mesmo formato que os títulos dos apartados do primeiro nivel, pero sen numerar. As referencias bibliográficas deberán ordenarse alfabeticamente, segundo o primeiro apelido do primeiro autor ou autora. Toda a bibliografía presentarse en fonte Times New Roman 11,. Tamén se presentarán con sangría francesa de 1cm.

O formato para a bibliografía é o das normas de estilo APA. Os seguintes exemplos ilustran as posibilidades máis comúns:

Escandell Vidal, M.V. (1996). *Introducción a la pragmática*. Barcelona: Anthropos.

Hernández Sacristán, C. y R. Morant Marco, eds. (1997). *Lenguaje y emigración. Estudios de comunicación intercultural*. Valencia: Universitat de València.

Mackey, W. F. (1966). "Applied linguistics: Its meaning and use". *English Language Teaching*, 20:1, 197-206.

Causino Lamar, M. A., Obler, L. K., Knoefel, J. E. y M.L. Albert (1994). "Communication patterns in end-stage Alzheimer's disease: Pragmatic analysis". En R. L. Bloom, L. K. Obler, S. DeSanti y J. S. Ehrlich (eds.) *Discourse analysis and applications: Studies in adult clinical populations*. Hillsdale: Lawrence Erlbaum, 127-235.

Fundación Alzheimer España (2016). *Clasificación de demencias*. Publicado en: <<http://www.alzfae.org/cuidador/95-que-es-alzheimer/clasificacion-demencias>>. [Consultado o 5 de outubro de 2016].

Apéndices

De existir algún apéndice con datos ou táboas adicionais situarase despois da bibliografía